

# O Día das Letras Galegas na Universidade Complutense de Madrid

Miguel LOUZAO OUTEIRO

Alá polo día catorce de maio de 2002, véspera do San Isidro, que aquí é o patrón e que provoca un éxodo humano cara a periferias varias ou cara destinos turísticos arelados, celebramos unha xornada cultural e lingüística en Madrid. Si, non é a primeira vez que se



María Josefa Postigo e Sonia Varela.

fai, mais si é a primeira na que un se ve metido nestes labores. Despois dunha programación axustada con moita antelación preparámonos para unha sesión cultural, conmemorativa da figura de Frei Martín Sarmiento e de afirmación galega. Na palestra tivemos varios convidados. En primeiro lugar falou Sonia Varela Pombo, unha investigadora moza e con moita vitalidade, que nos expuxo dun xeito ameno e cunha suavidade admirable o mundo do Padre Sarmiento, a súa vida, os seus estudos, as súas opinións a favor do galego (ai! U-la igrexa de arestora que non le a Sarmiento?), as súas actitudes en defensa do progreso humano e da humildade como estudioso e traballador da cultura en xeral. Mais,

claro, Sarmiento era un ilustrado e hoxe non se sabe o que é iso.

A seguir demos un chimpno no tempo e entrou en escena, porque iso é o que acontece, cando fala, Antón Reixa. Desta volta veu a Madrid falarnos do cinema, do cinema galego, do que hai, do que el está a facer e do que ten na cabeza. Aliás de retranqueiro e enxeñoso, Antón Reixa sempre resulta un incitador dos sentidos e unha iluminador de consciencias e intelixencias. Con el soubemos que o cinema é unha industria que podería substituír ás vacas nun país que tivo un millón de vacas coma o noso. E ás vacas sagradas? En fin, falounos de *O lapis do Carpinteiro* o filme que acababa de rodar baseado na novela de Manuel Rivas, do futuro cultural de Galiza e dos seus proxectos filmográficos. Para pechar o acto, recitaron os poetas Manuel Pereira Valcárcel, o amigo e poeta da Estrada, Luís Luna, un madrileño que troba na nosa lingua, e Xavier Arconada e Iria Fernández Silva, dous alumnos de galego que recuperan a lingua dos seus pais na mocidade e nos seus versos. Foi o primeiro ano do camiño deste meu exilio. Síntome venturoso e afortunado por encontrar con xentes interesadas en nós lonxe. Non tan contento por ollar como



Miguel Louzao e Antón Reixa.

a grande novela da nosa emigración medra cada día en páxinas aínda que nos encha das mellores amizades. Gustaríame que o manto negro que nos situou no mapa do mundo no final deste ano 2002 levase para sempre o pasado que nos ten unha gadoupa no pescozo e que

nos obriga a coller a maleta ou a andar de xeonllos. Teño a esperanza de que o ano de Frei Martín Sarmiento, o ilustrado, sexa o primeiro ano do futuro. Para que as Letras Galegas sexan todos os días. Para que o día das Letras Galegas só se celebre fóra do país.